

Problema 201: En que estado se atopan as substancias que teñen estas propiedades:

- a) Ten volume constante pero a súa forma varía facilmente.
- b) Ten forma fixa e alta densidade.
- c) Non ten forma fixa nin alta densidade.
- d) É dúctil e maleable.
- e) O seu volume fixo adáptase ao recipiente que o contén.

a) Ten volume constante pero a súa forma varía facilmente.

Se ten volume constante non é un gas, e se a súa forma varía facilmente non é un sólido, estas dúas cualidades coinciden coas dos líquido. Debe ser un líquido.

b) Ten forma fixa e alta densidade.

Son as cualidades dun sólido.

c) Non ten forma fixa nin alta densidade.

Se non ten forma fixa non é un sólido, e se a densidade non é alta debe ser un gas.

d) É dúctil e maleable.

Son dúas propiedades características dos metais, debe ser un sólido.

e) O seu volume fixo adáptase ao recipiente que o contén.

Son as cualidades dos líquidos.